# Documento base (sección 6):OS FUNDAMENTOS DA MORALIDADE

## 1. A DIMENSIÓN CONSTITUTIVAMENTE MORAL DO SER HUMANO

### 1.1. A liberdade humana

Unha certa síntese das análises levadas a cabo en diferentes apartados dos temas anteriores lévanos ás conclusións seguintes respecto ó resultado final do proceso evolutivo da nosa especie:

a) Os seres humanos presentan un déficit instintivo –en comparación co resto de especies animais- como resultado dun progresivo debilitamento e perda das condutas innatas.

b) Os seres humanos desenvolveron unha capacidade cranial que lles permite unha actividade racional, simbolizadora e comunicativa inexistente nas outras especies.

c) Os seres humanos presentan unha enorme e peculiar capacidade cooperadora entre eles –apuntada xa noutras especies animais-. O exercicio desta capacidade, non só mellora as súas condicións de vida, senón que sen ela a súa subsistencia sería practicamente imposible.

Estas tres características, distintivas e definitorias da especie humana, son indisociables entre si: cada unha delas aliméntase e potencia ás outras (cooperamos cos semellantes porque comprendemos racionalmente as súas vantaxes e podémolas comunicar aos outros; inventamos e apropiamos as boas ocorrencias dos demais porque non estamos programados xeneticamente nas nosas condutas...) Pois ben, o conxunto destas tres características definen o alcance e significado do que chamamos xenericamente “liberdade humana”.

O termo “liberdade” designa ante todo a capacidade de elixir e decidir as propias accións, aínda que frecuentemente aparece sobrecargado de significacións con infinidade de matices e connotacións. Aquí centrarémonos nos dous aspectos básicos implicados nesta definición:

a) Dende un ángulo negativo, a liberdade supón *indeterminación*, isto é, ausencia de mecanismos ou instancias que impidan a elección por parte do suxeito. É o que comunmente se denomina “liberdade de” ou liberdade como negación de determinacións coactivas.

b) Dende un ángulo positivo, a liberdade implica apertura de posibilidades, capacidade para inventar e construír opcións. É o que denominamos normalmente “liberdade para” ou liberdade como posibilidades.

.

Non se trata propiamente de dous tipos de liberdade, senón mais ben das dúas caras dunha única moeda: a liberdade humana.

### 1.2 A responsabilidade humana

A partir das anteriores análises sobre os fundamentos da liberdade tense concluído, con razón, que o home está "condenado" a exercer a súa liberdade. Se toda a conduta humana –ou polo menos a maior parte dela- está desprogramada xeneticamente, entón resulta ineludible inventala. Como xa se viu na Sección 1ª, é esaxerado afirmar que o home "carece de natureza" e que se constrúe a si mesmo dende unha liberdade absoluta –como afirmaron os existencialistas- pero si é certo que, con tódolos condicionantes da súa natureza e mesmo da cultura na que se inserta, o home non lle queda mais remedio que definir continuamente a súa vida mediante eleccións e decisións propias, pois, mesmo cando se acepta o decidido por outros, estase "decidindo" aceptalo.

Agora ben, esta necesidade ineludible de elixir e decidir a propia conduta implica responsabilidade. A responsabilidade consiste, pois, e facerse cargo e "responder" das consecuencias das eleccións e decisións tomadas, tanto para ben como para mal. Nesto consiste xustamente a condición moral humana. O Home pode definirse, polo tanto –fronte aos outros animais- como "animal moral".

Compre precisar, con todo, tal como xa se fixo na anterior Sección 5ª, que non tódalas accións humanas libres caen dentro do campo da moralidade. Como xa se estableceu daquela, deberase distinguir entre a "acción técnica" e a súa racionalidade (ou irracionalidade) e a "acción moral" e a súa racionalidade (ou irracionalidade). É preciso recordar que as accións ou condutas morais son só aquelas que se encamiñan á definición e consecución de fins últimos (a felicidade e a xustiza) fronte ás accións técnicas que se dirixen só a obxectivos inmediatos ou inter-medios.(a eficacia puramente instrumental). Isto non quere dicir que sobre a técnica non caiba facer análises e reflexións morais. A actividade técnica, como calquera outra actividade, pode e debe ser tamén analizada e avaliada e relación coa súa contribución (ou obstrución) á consecución dos fins últimos, morais, de felicidade e xustiza.

### 1.3 "Ben" e "mal" moral: os valores e as normas

Os termos "bo" e "malo" son usados en contextos morais e non morais, con significados diferentes, polo menos parcialmente. Cando estamos a falar de "accións técnicas", "bo" e "malo" expresan simplemente a adecuación ou non adecuación ao fin concreto e particular, técnico, de que se está a falar (un coitelo e "bo" se cumpre o obxectivo de cortar para o que foi deseñado). Pola contra, cando nos referimos a "accións morais", "bo" e "malo" expresan a consecución ou non consecución de fins últimos, morais (conceder unha beca

a un estudante sen recursos é unha "boa" acción porque promove unha xusta igualdade de oportunidades).

Pero os obxectivos e fins últimos, por ser tales, convértense en "valores", isto é, en principios altamente estimados, "valorados" (a xustiza, por exemplo). Como tales están chamados de dirixir a conduta de quen os proxecta e formula. Agora ben, os valores morais sempre presentan un certo carácter abstracto, como referentes situados nun horizonte lonxano; de ai que ao carón deles xurdan as "normas" morais. Unha norma moral non é mais que unha regra que regulamenta a conduta do individuo cara a consecución dun valor moral ("non roubar", por exemplo). É de observar, de novo, que tamén existe aquí un vocabulario paralelo referido a "valores" e "normas" técnicas, non morais, cuns significados moi diferentes que compre non confundir.

## 2. A SOCIALIZACIÓN MORAL

Na Sección 2ª analizamos o papel da socialización na conformación de todo individuo que se cría en sociedade. Daquela expuxemos amplamente os mecanismos que operan na modelación cultural en xeral do individuo, sobre todo na infancia e na adolescencia. Agora compre que cingamos aquela análise ao campo mais concreto da socialización moral.

A socialización moral non é, en efecto, mais que unha parcela concreta da socialización. Pero a súa importancia é decisiva porque con ela o individuo corre o risco de diminuír a súa capacidade de elección e decisión libre e persoal, coa conseguinte merma da responsabilidade moral. Cando un individuo chega ao mundo xa existen uns valores e normas morais asentados polas xeracións anteriores. Os novos individuos -nenos e despois adolescentes- interiorizan normalmente eses valores sen revisalos nin modificalos. Mais aínda, o contorno familiar no que se desenvolve case exclusivamente as primeiras etapas da vida ofrece unha enorme asimetría entre a idade e autoridade dos pais e a do neno pequeno presentándose, a maiores, impregnado dunha forte carga afectiva. Neste contexto o efecto da socialización moral é moi poderoso e, en moitos casos, adoita ser decisivo para o resto da vida do individuo.

### 2.1 As teorías reducionistas da socialización moral

Tódalas teorías psicolóxicas explicativas da aprendizaxe conceden unha enorme importancia á modelación producida pola socialización en tódolos ámbitos e, polo tanto, tamén no campo moral. Pero algunhas destas teorías van máis alá e sosteñen que a liberdade moral do individuo queda anulada na práctica polo peso da socialización.

Entre estas teorías destaca a Psicanálise clásica, que afirma que a liberdade do individuo queda definitivamente apreixada pola *introxección* na infancia da moral paterna. Esta *introxección* ou interiorización manifóstase na conciencia

moral do individuo a través da imaxe dun *super-eu* imperativo e ameazante, que non é mais que un trasunto da figura do pai do que non poderá desprenderse ao longo de toda a vida.

Outras teorías, como o Condutismo, afirman igualmente que toda a aprendizaxe levada a cabo no proceso de socialización acaba eliminando a liberdade do individuo e conformándoo ás normas e valores sociais establecidos. As expresións "está ben" e "está mal", xunto coas accións, xestos, etc. que as acompañan, funcionan, segundo este enfoque, como *reforzos* positivos ou negativos (premios/castigos) que modelan a conduta do individuo dende as primeiras etapas da vida.

### 2.2 As teorías complexas da socialización moral

Pero non tódolos enfoques da Psicoloxía da aprendizaxe van nesta dirección. Existen outras teorías que, sen negar a importancia da socialización moral, afirman a capacidade creadora da liberdade individual e explican a propia socialización moral dun xeito mais complexo. Entre estas teorías destaca a chamada Psicololoxia "xenética" de J. Piaget e os seus seguidores.

Segundo Piaget, en efecto, a socialización moral na infancia non se leva a cabo só no ámbito familiar senón tamén, e fundamentalmente, no seo do "grupo de pares" e amigos. Dende un primeiro momento os bebés mostran xa unha tendencia á simpatía e á expansión da súa afectividade cara outros. Esta tendencia, dirixida inicialmente aos seus pais, irase incrementando e abrindo cara os iguais, os outros nenos, cos que empezará a sentirse ben, entenderse e cooperar intensamente ao redor dos sete anos. A partir desta idade, e ao longo de toda a adolescencia, a participación na actividade do grupo, sobre todo en forma de xogos regulamentados, será decisiva para a evolución das súas estruturas morais. A experiencia das relacións sociais con iguais permitiralle desenvolver a lóxica racional pola será mellor rexerse: "como trate aos demais, así me tratarán a min". A *empatía*, o poñerse no lugar do outro, empeza a cobrar un papel fundamental; aparelladas a ela aparecen as ideas de reciprocidade e igualdade como expresións da lóxica *reversible* e *universal* das normas.

Así pois, Piaget e os seus continuadores ofrecen unha interpretación complexa e optimista da socialización moral. A través da socialización moral o individuo, non só non perde a súa liberdade e responsabilidade, senón que mais ben a acrecenta e desenvolve. Elixir e decidir esixirá ao individuo socializado reflexión persoal e exercicio da propia vontade.

## 3. DA HETERONOMÍA Á AUTONOMÍA MORAL

As análises da socialización moral condúcennos agora a un estudo mais profundo do significado e importancia da dimensión moral humana. Será

necesario recorrer neste apartado a conceptos filosóficos, isto é éticos, elaborados e sistematizados polos filósofos ao longo da historia.

### 3.1. Heteronomía e autonomía moral

Como apuntaban xa as análises de Piaget, a propia socialización moral tende, a partir dos sete anos, a desenvolver estruturas de razoamento e decisión calculadas, *conscientes*, nas que o suxeito actúa por si mesmo. Esa capacidade para elixir, decidir e actuar moralmente por si mesmo denomínase comunmente co termo "autonomía moral" acuñado no século XVIII polo filósofo ilustrado E.Kant (*autós* significa en grego "si mesmo" e *nomos* lei); pola contra, cando as decisións son impostas, máis ou menos *inconscientemente,* con escaso ou nulo papel de vontade propia, falamos –dende Kant- de "heteronomía moral" (héteros en grego significa "outro").

A autonomía moral implica, pois, en primeiro lugar, o desenvolvemento da capacidade para avaliar conscientemente a validez das distintas alternativas e das consecuencias que delas se derivan; e, en segundo lugar, a independencia da vontade para tomar unha decisión. Neste sentido a autonomía non é mais que o exercicio consciente da liberdade moral. A heteronomía moral, pola contra, nace da ausencia dunha verdadeira vontade propia debida, tanto a presións *exteriores* (os "outros": autoridades, valores, normas, costumes, etc asumidas sen exame critico), como a presións *interiores* (medos, desexos incontrolados, sentimentos cegos, etc) sobre as que non existe un verdadeiro control (tamén aquí cabería falar dunha especie de "outro" agora agochado no interior do suxeito).

Autonomía e heteronomía son, pois, os dous conceptos centrais de calquera análise ou teoría ética. Pero, como tales, só sinalan os polos extremos entre os que se adoita mover a conduta moral das persoas. Entre ambos polos existen moitas posicións intermedias.

### 3.1. A conquista da autonomía moral

A conformación moral inicial dun individuo é sempre –e inevitablemente- heterónoma. A primeira relación cos valores e normas morais non é consciente e libremente elixida. O que "está ben" e o que "está mal" está xa establecido cando un individuo empeza a rodar pola vida e a decisión de acatalo non lle é dado discutila, xa nin sequera posúe unha capacidade racional que lle permita facelo. Sen embargo o desenvolvemento normal posterior da personalidade irá abrindo a posibilidade dunha conquista progresiva da autonomía moral. A plena autonomía non é, pois, nunca un punto de partida, pero si pode -e debe- ser un punto de chegada para toda persoa adulta. Non se trata dunha conquista fácil, xa que require unha continua reflexión racional e un autocontrol da vontade que non todo o mundo está disposto a manter.

Un dos grandes investigadores da xénese e evolución da moralidade do individuo é L. Kohlberg. As súas análises, inspiradas directamente en Piaget, sintetízanse nunha teoría que recolle asemade achegas de outros filósofos, como Kant, Rousseau, Dewey, etc. Segundo esta teoría a moralidade dun individuo tende a evolucionar e pode facelo atravesando os niveis seguintes:

a) Nivel pre-convencional: Está caracterizado por un forte egocentrismo sen apenas empatía. O suxeito só busca satisfacer o seu propio interese, sempre baixo a presión do medo aos castigos ou impulsado pola propia comenencia.

b) Nivel convencional: Está caracterizado pola identificación plena do individuo co grupo do que forma parte. O suxeito busca ante todo a conformidade e aprobación social de acordo coas convencións establecidas.

c) Nivel post-convencional: Está caracterizado pola autonomía e independencia de criterio. O suxeito trata de establecer principios racionais de carácter universal para a toma de decisións, aínda que isto o obrigue a enfrontarse a valores e normas establecidas no seu contorno.

Cada un destes niveis, amplamente explorados e analizados por Kohlberg, supón un avance na conquista da autonomía moral do individuo e aparece estreitamente vencellado a outros aspectos da evolución da personalidade, como o desenvolvemento afectivo, a capacidade de razoamento, etc.

## ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS DA SECCIÓN 6ª

### Metafísicas espiritualista e materialistas

Todo sistema filosófico contén unha certa interpretación metafísica da realidade, explícita ou implícita, sobre a que se sustenta e que lle da coherencia interna. As dúas concepcións metafísicas básicas que se enfrontan na Historia son as espiritualistas e as materialistas. (Veranse con maior profundidade no próximo curso ao estudar a Historia da Filosofía)

As primeiras, conciben a realidade fundamental como algo inmaterial (idea ou espírito) e, en consecuencia, a realidade material queda degradada ontoloxicamente a unha mera copia ou imitación imperfecta da verdadeira realidade inmaterial, cando non negada literalmente. Por iso, tales metafísicas sosterán na súa concepción antropolóxica un dualismo, máis ou menos asimétrico: a alma espiritual e inmortal é concibida como a realidade esencial do ser humano, reducindo o corpo a mero soporte ou prisión da mesma. Ademais, este tipo de metafísicas proporán unha interpretación teísta sobre a que dotar de finalidade e sentido á realidade enteira.

As materialistas, pola contra, consideran que a realidade fundamental é material, reducindo o plano psíquico, mental ou espiritual a meros produtos da actividade material. Por iso, defenderán un monismo antropolóxico que reduce os fenómenos psíquicos á actividade cerebral da que proceden. Consecuentemente sosterán tamén posturas agnósticas ou explicitamente ateas en canto á existencia de Deus, por considerar que non é preciso supoñer un deseño intelixente para explicar o universo.

Dentro destas coordenadas desenvolvéronse as diversas concepción metafísica históricas, das que aquí só analizaremos dous exemplos significativos, ámbolos dous da Antigüidade: o Idealismo de Platón e o Materialismo atomista de Demócrito.